

A Concellería de Xuventude e Voluntariado organiza un obradoiro formativo en **“Iniciación á improvisación teatral”** que será impartida por Akira Valero (actriz e pedagoga teatral).

### **1.- Persoas destinatarias:**

Poderán presentar solicitude de participación neste obradoiro as persoas interesadas en xeral, tendo prioridade aquelas que teñen entre 16 e 30 anos ou membros do grupo de voluntariado municipal.

### **2.- Lugar e prazo de inscrición:**

As solicitudes de participación, segundo o modelo que se anexa, presentaranse na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) xunto coa fotocopia do DNI do interesado/a.

O prazo de inscrición abrangue do 4 ao 11 de abril, que poderá ampliarse no caso de non cubrirse as prazas.

### **3.- Número de prazas:**

Esta acción formativa conta cun total de 15 prazas, que serán outorgadas por orde de inscrición.

### **4.- Data e lugar de celebración do obradoiro:**

O curso vaise celebrar o sábado día 14 de abril de 2018, en horario de 09.00 a 14.00 hs. e de 16.00 a 21.00 hs., na Aula 1 do Edificio de Usos Múltiples.

## **5.- Contidos:**

*Iniciación á improvisación teatral.* Unha disciplina das artes escénicas na que aprendemos a crear historias no momento.

Neste obradoiro traballaranse os seguintes contidos:

- escoita grupal.
- Ritmo, espazo e axilidade mental e verbal.
- PROL.
- Traballo de escenas mediante xogos teatrais.

Oficina Municipal de Información Xuvenil

\* Baixo da Escola Infantil Galiña Azul

Telf.: 981767589

[omix@portodoson.gal](mailto:omix@portodoson.gal)